

LOLITA

Stanley Kubrick, 1962

1337

ESTREA EN NUMAX: 18.07.2024 | V.O.S.E. | 152 min

Humbert Humbert, un profesor corentón, chega a Ramsdale (New Hampshire) e aluga un cuarto en casa da viúva Charlotte Haze que ten unha filla de once anos. Humbert namora perdidamente da rapariga e concibe un perverso plan: casar coa nai para estar sempre preto de Lolita. Adaptación da novela homónima de Vladimir Nabokov.

«Intelixente, vigoroso e arriscado
exercicio de posta en pantalla que
nos abre ao Kubrick en plena
posesión do seu talento»

Ángel Fernández-Santos, EL PAÍS



«Non se pode traducir o xenio literario dun escritor»

Stanley Kubrick

Lolita ten no libro doce anos e medio; Sue Lyon tiña catorce. Creo que algúns lectores tiñan unha imaxe mental dunha nena de nove anos. Porén, culpome por unha parte do filme. Debido ás presións que na altura exerceron o Código de Produción e a Lexión Católica de Decencia, penso que non dramaticei de abondo o aspecto erótico da relación de Humbert con Lolita. Un dos problemas básicos do libro e mesmo do filme é que o interese principal reside na pregunta: "Levará Humbert ao leito a Lolita?". No libro descubres que, a pesar de que está escrito de maneira brillante, a segunda parte decae en interese narrativo logo de descubrirse a primeira incógnita. Queríamos evitar este problema no filme e Nabokov e máis eu coincidiamos en que se faciamos que Humbert matase a Quilty, sen explicacións, o público pasaría a preguntarse que era o que sucedía con Quilty.

Non se pode transmitir o pracer profundo, irónico, que se sente ao ler a Nabokov. Iso non se pode traducir. Pero parecíame que se podía ofrecer algo no referente aos personaxes e a situación. Tratábase certamente dunha situación bastante insólita. Pero está claro que non se pode transcribir o xenio literario dun escritor.

A Nabokov gustoulle o filme. Non o criticou, estaba moi ledo. Porén, o filme non seguiu ao pé da letra o guión del. Axiña vai publicar o guión que el escribiu, non como protesta, senón porque pensa que hai tantas diferenzas entre os dous que paga a pena publicalo para que se poidan apreciar.

Publicado en Stanley Kubrick (Esteve Riambau, Cátedra, 1990)

O estilo de vida americano

Un profesor de cincuenta anos namora perdidamente da filla da súa caseira... A reputación fulgurante da novela de Nabokov dificultou a súa adaptación. A primeira dificultade foi, por suposto, poder pasar a censura e facer que o proxecto fose aceptado polas ligas da virtude, entón moi poderosas. Facer que Lolita envellecese uns anos foi a primeira estratexema: en lugar de ter 12 anos como na novela, a actriz Sue Lyon tiña 14 no momento da rodaxe e aínda parecía uns dous anos maior. Tamén era necesario silenciar o aspecto erótico da historia. Pero a principal dificultade era ter o talento suficiente para non facer desta descrición dun amor obsesivo unha historia lasciva ou sórdida.

Kubrick ten talento e, así como o encanto da novela de Nabokov se debe en gran medida á altísima calidade da súa escritura, a película *Lolita* resulta máis atractiva polo tratamento que lle deu Kubrick. A forma en que constrúe as súas escenas é bastante notable. En canto aos actores, permitiulles algo de improvisación e isto aumenta aínda máis a autenticidade. James Mason ten a dose xusta de ironía distante e Kubrick acentúa o ton sardónico da historia co personaxe interpretado por Peter Sellers, cuxo humor pode parecer pouco convencional pero que contribúe ao equilibrio xeral. En certo xeito, fainos dar un paso atrás. Kubrick tamén se mostra irónico cara ao estilo de vida americano coa insoportable nai de Lolita, interpretada por Shelley Winters. A moza Sue Lyon sorprende pola súa combinación de encanto e complexidade, expresando toda a ambigüidade do seu papel: desde a súa primeira escena, preguntámonos se é unha inxenua ou unha manipuladora. Nunca o saberemos. Doutra banda, a deriva de James Mason cara á tolemia é evidente e a súa obsesión por algo que non pode posuír acaba conmovéndonos.

Publicado en films.oeil-ecran.com